

PROXECTO DE DECRETO polo que se modifica o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

I

O Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais foi publicado no DOG núm. 181 o luns 20 de setembro de 2021.

Este decreto regula a certificación galega de competencias dixitais, como mecanismo normalizado de certificación por parte da Administración pública, e como garante da calidade dos coñecementos, destrezas e capacidades que as persoas posúen no ámbito dixital. Por medio do certificado galego en competencias dixitais, a persoa titular pode acreditar ante calquera instancia pública ou privada de Galicia, as súas competencias dixitais. Ademais, crea o Rexistro das certificacións galegas de competencias dixitais, co fin de simplificar a xestión da certificación e facilitar o seu arquivo e control.

O antedito decreto prevé a función xestora do marco por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na súa condición de entidade pública instrumental do sector público que ten entre os seus obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Esta axencia ten entre as súas funcións favorecer un contexto dixital, no que a cidadanía poida acadar, actualizar e mellorar as súas competencias dixitais, en liña cos cambios e os usos tecnolóxicos que se integren na sociedade. Tamén son da súa responsabilidade as funcións de deseño e coordinación dos plans formativos en materia de tecnoloxías da información e de boas prácticas no uso dos sistemas de información, así como a xestión dos programas de capacitación dixital do empregado público, en coordinación cos órganos competentes en materia de formación, e igualmente inclúense nas súas funcións a planificación e a coordinación, coa colaboración dos departamentos e institucións con competencias en programas de formación, dos programas destinados a elevar o coñecemento da cidadanía no uso das novas tecnoloxías.

II

Transcorridos 4 anos desde a súa entrada en vigor procede modificar o decreto para simplificar algunhas disposicións da norma anterior e eliminar redundancias con outros textos legais na procura dunha maior claridade, dunha maior eficacia na xestión administrativa dos proxectos e dunha maior seguridade xurídica.

Unha das principais modificacións que inclúe a norma é flexibilizar o requisito de ser maior de dezaseis anos para acreditar o nivel de coñecemento, capacidade e actitude no eido dixital, incluíndo así implicitamente aos que sen cumprir o requisito de idade, acrediten os coñecementos, capacidades e actitudes de acordo co que se prevexa no documento de «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais» para a certificación do alumnado do sistema educativo galego.

Tamén se inclúe a posibilidade de perda de validez da certificación no caso de que o Marco sexa modificado de xeito que a modificación afecte ao contido substancial dos coñecementos, habilidades e actitudes e a certificación non sexa renovada de acordo co que se estableza na actualización do documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

Respecto da caducidade polo transcurso de cinco anos, ademais de ampliarse o prazo para a súa renovación, incorpórase a posibilidade da súa ampliación de oficio sen necesidade de que as persoas acreditadas teñan que realizar ningunha actuación.

Polo que se refire á forma de obtención da certificación galega de competencias dixitais inclúense ademais da realización de probas, a superación de cursos coordinados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Establécese o formato dixital coma vía exclusiva de emisión do certificado e se modifican o prazo e as condicións para volver a presentarse a unha proba nos casos de non presentación á proba sen xustificación.

Finalmente, revísase a composición do “Comité especializado para a definición do Marco galego de competencias dixitais” para adecualo á vixente estrutura departamental da Xunta de Galicia.

III

Este decreto tramitouse de conformidade cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia,

que constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A norma preséntase como unha iniciativa necesaria e eficaz, ao atoparse xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos, ser o instrumento máis axeitado para garantir a seguridade xurídica e evitar cargas administrativas innecesarias á cidadanía. Ademais, é eficiente ao non supoñer incremento de custo, actuando de xeito proactivo, previndo conflitos e racionalizando, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Do mesmo xeito, o presente decreto formula a regulación imprescindible para atender a necesidade que se quere cubrir, cumprindo así co principio de proporcionalidade, e sempre mantendo a coherencia co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, garantindo a seguridade xurídica para desenvolver un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións da cidadanía, empresas e institucións.

Na súa tramitación deuse traslado ás diferentes consellerías e obtivéronse os informes da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, o informe de sustentabilidade financeira e de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, o informe de impacto de xénero, o informe de avaliación do impacto demográfico, o informe do Instituto Galego de Estatística e o informe da Asesoría Xurídica Xeral.

Así mesmo, a Xunta de Galicia no proceso de elaboración e tramitación deste decreto cumpre co principio de transparencia, posibilitando que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración da norma. Para iso, con carácter previo á elaboración do decreto, abriuse unha consulta pública previa a través do portal web de transparencia e goberno aberto. Nesta consulta pública previa, facilitábase información sobre os antecedentes, problemas que se pretenden solucionar, necesidade e oportunidade da súa aprobación e obxectivos. Posteriormente, durante a tramitación do expediente promoveuse o información pública para a garantir a participación cidadá.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, en uso das facultades atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co/ oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPÕO:

Artigo único. Modificación do Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais

O Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais queda modificado como segue:

Un. Dáse nova redacción á alínea a) do artigo 2 que pasa a estar recollida nos seguintes termos:

«a) Dispoñer dun mecanismo normalizado de certificación de competencias dixitais por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que permita acreditar o nivel de coñecemento, capacidade e actitude no eido dixital.»

Dous. Dáse unha nova redacción aos números 3, 5, 6 e 7 do artigo 3 e suprímese o seu número 4, quedando redactados como segue:

«3. No Marco galego de competencias dixitais desenvolveranse os descritores ou identificación dos coñecementos, capacidades e actitudes relacionadas con cada competencia e que evidencian o seu manexo óptimo para cada nivel de aptitude, así como os exemplos ilustrativos que evidencian cada unha das competencias en canto aos descritores.

Estes descritores e exemplos poderán ser diferenciados segundo os colectivos destinatarios.

4. O desenvolvemento concreto das dimensións quedará recollido no documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais», que estará dispoñible a través do portal web institucional da Xunta de Galicia <http://www.xunta.gal>.

5. Este documento de «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais» será actualizado cando sexa necesario recoller cambios

nas tecnoloxías e de coñecementos, competencias ou actitudes, ou mesmo na estrutura detallada dos elementos que o compoñen.

6. A aprobación e as actualizacións do documento de «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais» serán publicadas mediante resolución da persoa titular da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, logo da aprobación do seu consello reitor a proposta do comité especializado para a definición do Marco galego de competencias dixitais.»

Tres. O apartado 2 do artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Poderán acadar a certificación galega en competencias dixitais as persoas maiores de dezaseis anos que acrediten os coñecementos, capacidades e actitudes esixidas para cada tipo de certificación, de acordo co que se prevexa no documento de «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

Excepcionalmente, para o ámbito do sistema educativo galego, poderán obter a certificación de competencias dixitais as persoas que, sen cumprir co requisito de idade, acrediten os ditos coñecementos, capacidades e actitudes, de acordo co que se prevexa no documento de «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

Catro. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Tipos de certificacións*

1. Establécense dous tipos de certificación:

- a) Certificación por áreas de dominio competencial ou agrupación de competencias destinada aos niveis de aptitude menores.
- b) Certificación por cada unha das competencias destinadas aos niveis de aptitude máis avanzados.

2. Os sucesivos niveis de aptitude estarán recollidos no documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

En todo caso, o primeiro nivel certificarase polo conxunto das áreas de dominio competencial.

3. A certificación galega en competencias dixitais permite acreditar ante calquera instancia pública ou privada de Galicia as competencias dixitais da persoa titular.»

Cinco. Engádese un artigo 5.bis coa seguinte redacción:

«Artigo 5.bis *Vixencia do certificado*

1. A certificación galega en competencias dixitais terá un período de validez máximo de cinco anos desde a data da súa obtención. O transcurso do período de validez producirá a caducidade do título.

2. A certificación poderá perder a súa validez anticipadamente en calquera dos seus niveis no caso de que o Marco galego das competencias dixitais sexa modificado con afectación do contido substancial dos coñecementos, habilidades e actitudes certificados e así se indique na actualización do documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

3. No suposto previsto no número 1, as persoas acreditadas poderán renovar a súa certificación nas convocatorias que se establezan ao efecto, tanto nos 6 meses anteriores como nos 6 meses posteriores á data de caducidade, de acordo cos requisitos que se establezan no documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais», que serán idénticos para os dous supostos indicados. Como condicións para a renovación poderán incluírse a superación dunha proba ou a realización dun curso que acrediten a adquisición de coñecementos, capacidades e actitudes que experimentasen cambios relevantes desde a data da emisión do certificado orixinal.

No caso de que a renovación se solicítase logo de transcorrido o prazo de validez da certificación, a caducidade do título prevista no número 1 será efectiva ata a data de vixencia da renovación.

Adicionalmente, cando os coñecementos, capacidades e actitudes acreditados non experimentasen variacións relevantes, poderá ampliarse de oficio a validez da certificación por un prazo adicional cunha duración máxima de cinco anos, mediante resolución da entidade xestora do Marco galego de competencias dixitais, sen necesidade de que as persoas acreditadas teñan que realizar ningunha actuación para renovar a súa certificación.

A dita ampliación será acordada cunha antelación mínima de 7 meses previos ao transcurso do prazo de validez da certificación.

As certificacións poderán ser obxecto de sucesivas ampliacións de oficio cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

4. Cando a perda de validez da certificación se produza por unha modificación do Marco galego de competencias dixitais, as persoas acreditadas poderán renovar a súa certificación de acordo cos requisitos e trámites que se establezan na actualización do documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

Seis. O artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Formas de obtención*

1. A certificación galega de competencias dixitais obterase pola superación dunha proba de certificación, coordinada para ese fin pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou por calquera dos medios seguintes:

a) Obtención por acreditación de formación superada e certificada na Administración xeral de Galicia e do seu sector público, cuxos contidos estean homologados como habilitantes para a obtención dalgunha das certificacións recollidas neste decreto. Esta formación consistirá na realización dun itinerario formativo completo composto por cursos titorizados con aproveitamento activo e avaliación continua.

b) Obtención dunha acreditación de unidades de competencia incluídas no Catálogo nacional das cualificacións profesionais cuxo ámbito competencial cubra os contidos formativos que se recollan no Marco galego de competencias dixitais.

c) Obtención por validacións, homologacións e recoñecemento de certificados de competencias dixitais doutras administracións públicas, ou a través da acreditación de títulos, diplomas ou certificados oficiais que acrediten ter os coñecementos, competencias e actitudes descritas para a obtención dalgunha das certificacións recollidas neste decreto.

2. Os criterios de validación, homologación e recoñecemento quedarán recollidos e publicados no documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais», con indicación de cal é o nivel e dimensión ou competencia a que dan acceso.»

Sete. Modifícase a redacción do artigo 7 que pasa a recollerse nos seguintes termos:

«Artigo 7. Probas de certificación e cursos ComDix con aproveitamento activo e avaliación continua

1. As probas de certificación rexeranse polos seguintes criterios:

a) Poderán realizarse en formato presencial ou en liña, admitíndose modelos mixtos, garantindo en todo caso a fidedigna identificación da persoa que realiza a proba.

b) A identidade das persoas participantes quedará garantida mediante servizos de autenticación baseados no uso de certificado electrónico, DNle, sistema Chave365, usuario e contrasinal previamente asignados ou outros sistemas de identificación dixital.

c) As probas de certificación consistirán na realización de exercicios demostrativos de coñecementos e da posesión de habilidades, competencias e actitudes, en dar resposta a preguntas de diferente natureza e en resolver casos diversos ou actividades prácticas.

d) Promoverase o modelo de convocatoria continua en liña, complementado cunha ampla oferta de lugares e datas para a realización das probas presenciais. As persoas poderán elixir, entre a oferta dispoñible, a data, o lugar e a hora da proba. Co fin de garantir a igualdade de oportunidades, a oferta estará distribuída por todo o territorio galego e contará cunha rede de centros colaboradores ou lugares autorizados.

e) As persoas interesadas que non se presenten sen xustificación a unha proba de certificación pasarán ao final das listaxes de agarda das convocatorias programadas nas que se inscriban nos 12 meses seguintes á data de realización daquela.

f) A proba de certificación poderase realizar indistintamente en lingua galega ou castelá, e a lingua poderá ser elixida de xeito voluntario ao inicio da proba.

g) As ferramentas dixitais empregadas na certificación galega deberán cumprir as pautas de accesibilidade ao contido na Web 2.0 establecidas polo Consorcio da World Wide Web.

h) Así mesmo, as persoas con discapacidade legalmente recoñecida poderán solicitar, na inscrición, a adaptación ou adecuación do tempo e dos medios materiais necesarios para a súa realización.

i) Co fin de garantir un acceso igualitario á certificación galega en competencias dixitais, poderán promoverse convocatorias extraordinarias para persoas con discapacidade que impulsen a súa integración dixital.

2. Os cursos ComDix con aproveitamento activo e avaliación continua, que consistirán en seguir un itinerario formativo completo composto de varios cursos titorizados, rexeranse polos seguintes criterios:

a) Os contidos destes cursos deberán estar previamente homologados como habilitantes para a obtención dalgunha das certificacións recollidas neste decreto, de acordo cos mecanismos de homologación que se establezan no documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais».

b) Os cursos poderán realizarse en formato presencial ou en liña, admitíndose modelos mixtos, garantindo en todo caso a fidedigna identificación da persoa que os realiza.

c) A identidade das persoas que realicen os cursos en liña quedará garantida mediante servizos de autenticación baseados no uso de certificado electrónico, DNle, sistema Chave365, usuario e contrasinal previamente asignados ou outros sistemas de identificación dixital.

d) Os itinerarios formativos orientados a obtención de certificacións deberán empregar modalidades de teleformación que inclúan mecanismos de avaliación continua e aproveitamento activo.

3. As convocatorias dos cursos titorizados e das probas para a obtención da certificación galega de competencias dixitais serán aprobadas mediante resolución da entidade xestora do Marco galego de competencias dixitais ou por propia iniciativa doutras entidades recoñecidas como colaboradoras do dito marco.

Mediante orde poderán regularse unhas bases comúns para o desenvolvemento dos ditos cursos e probas.

4. As persoas usuarias, ademais de obter de oficio o certificado que acredita a certificación galega en competencias dixitais, poderán recibir tras os cursos titorizados e as probas de certificación un informe con recomendacións de novos itinerarios formativos para mellorar os seus coñecementos ou avanzar de nivel.»

Oito. Modifícase a redacción do título e números 1, 2 e 3 do artigo 8 que pasan a recollerse nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Solicitud do certificado*

1. As persoas interesadas en obter o certificado acreditativo da certificación galega en competencias dixitais, de acordo co previsto no artigo 6, deberán dirixir a súa solicitude á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, achegando a documentación acreditativa de estar en condicións de obter o dito certificado.
2. Promoverase a xestión dixital completa, segura e automatizada, seguindo os criterios de desenvolvemento da administración electrónica na Administración xeral de Galicia e do seu sector público para a inscrición, a reserva de data de proba, as comunicacións, a xestión do rexistro de certificacións e de entidades colaboradoras, e o acceso das persoas interesadas á información da súa certificación e descarga do seu certificado ou informe en formato dixital.
3. Para poder participar en calquera das formas de avaliación establecidas para a obtención do certificado galego en competencias dixitais, as persoas interesadas terán que satisfacer o pagamento das taxas legalmente establecidas, de ser o caso.»

Nove. Modifícase a redacción do título e números 2, 3, 5 e 6 do artigo 9, e suprímese o seu número 8, que pasan a recollerse nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Expedición e formato dos certificados*

1. A expedición do certificado previsto nos artigos anteriores é competencia da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. O certificado galego en competencias dixitais emitirase en formato dixital e de documento electrónico.
3. Os certificados incorporarán marcas de seguridade e de autenticidade, e numeraranse mediante series alfanuméricas.
4. Cada certificado identificarase cun número único.
5. As persoas que acaden unha certificación galega en competencias dixitais poderán dispor do seu certificado dixital en liña, numerado e asinado dixitalmente.

6. O certificado terá polo menos o seguinte contido:

- a) A identificación da área de dominio, competencia e nivel de aptitude certificado, nos termos establecidos nas dimensións que conforman o Marco galego de competencias dixitais.
- b) Os coñecementos, capacidades e actitudes que se acreditan.
- c) Os datos identificativos da persoa titular da certificación.
- d) O código do certificado.
- e) A data de certificación e modo de obtención.
- f) E, se é o caso, do centro formador e/ou avaliador autorizado.

7. A certificación en competencias dixitais das persoas empregadas públicas formará parte integrante do seu expediente profesional.

8. No caso de que unha persoa obteña máis dunha certificación en áreas de dominio e niveis de aptitude diferentes, poderanse expedir certificados acumulativos coas condicións e contidos anteriormente descritos.»

Dez. Modifícase a redacción do número 2 do artigo 11 que pasa a recollerse nos seguintes termos:

«2. A publicación do documento de «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais» e das sucesivas actualizacións farase por resolución da persoa titular da dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, previa a aprobación polo seu consello reitor a proposta do Comité especializado para a definición do Marco galego de competencias dixitais.»

Once. Modifícase a redacción dos números 3, 4 e 5, e engádese o número 6 do artigo 12, que pasan a recollerse nos seguintes termos:

«3. Este comité especializado estará composto por nove persoas que serán designadas consonte o seguinte criterio de reparto:

- a) dúas pola entidade xestora do Marco galego de competencias dixitais.
- b) dúas pola consellería competente en materia de educación.
- c) dúas pola consellería competente en materia de emprego.
- d) unha polo centro directivo competente en materia de emprego público.
- e) unha pola Escola Galega de Administración Pública (en diante, EGAP).

f) unha pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante, ACIS).

Na composición do comité respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

4. Corresponderá a presidencia do comité a unha persoa representante da entidade xestora do Marco galego de competencias dixitais designada pola persoa titular da dirección da dita entidade xestora. Actuará como secretario/a unha persoa empregada pública da mesma entidade, que asistirá ás reunións con voz e sen voto.

5. Poderase invitar a participar neste comité especializado a persoas destes ou doutros centros directivos, outras administracións ou entidades públicas ou privadas, en función da materia que se vaia tratar, para unha mellor concreción das áreas de interese na materia deste decreto.

6. Co obxectivo de promover a eficiencia, a sostibilidade e a participación, fomentárase a utilización de medios telemáticos para a celebración de reunións e sesións, garantindo os mecanismos necesarios para asegurar a identificación dos participantes, a interacción en tempo real e a adecuada constancia do tratado e acordado.»

Doce. O apartado 1 do artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A EGAP, a ACIS e as outras escolas de formación do persoal da Administración xeral de Galicia e do seu sector público, así como a propia Amtega a través das aulas da Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica (Rede Cemit) cooperarán, no seu ámbito de competencia, na execución das actuacións para a xestión da certificación en competencias dixitais, e están habilitadas e autorizadas para a formación e avaliación para a súa obtención.»

Trece. Modifícase a redacción dos números 2 e 4 do artigo 14 que pasan a recollerse nos seguintes termos:

«2. As entidades colaboradoras interveñen no proceso de obtención da certificación galega en competencias dixitais mediante a disposición de instalacións e recursos para a celebración de probas de certificación ou a realización de actividades informativas, divulgativas, de asesoramento ou formativas para a obtención da certificación galega en competencias dixitais. Nos correspondentes instrumentos de colaboración delimitáranse os colectivos concretos e o alcance das actuacións.»

«4. O persoal das entidades colaboradoras que interveñan como formadores, capacitadores ou orientadores para acadar un determinado nivel da certificación galega en competencias dixitais, deberán contar con acreditación da certificación de competencias dixitais na área de dominio e competencia, e cun nivel de aptitude igual ou superior a aquel en que estean a colaborar.»

Catorce. O apartado 2 do artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Inscribíranse de oficio as certificacións de competencias dixitais, así como as súas renovacións, de xeito que se poderá extraer para cada persoa interesada unha lista das certificacións obtidas, vixentes, renovadas ou caducadas.»

Quince. Os artigos 2.d), 3.1, 4.1.a), 4.1.d) e 9.6.b) quedan modificados no sentido de substituír a palabra «aptitudes» por «actitudes».

Dezaseis. A disposición derradeira segunda queda redactada nos seguintes termos:

«No documento «Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais» incluíranse os requisitos para a validación da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX), regulada polo Decreto 218/2011, do 17 de novembro.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a X de X de 2026

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública